

<http://cedofeita.arcanaverba.org>

## Conversamos no Cruceiro co Señor Urbano

*Antonio Vázquez*

*Pepe Álvarez*

*Xaime Iglesias*

De Urbano Ogando Pedrosa ninguén diría que ten 95 anos cumpridos. Nin o inevitable paso do tempo nin os achaques físicos propios da idade foron capaces de apagar a forza da súa limpa mirada nin moito menos a lúcida capacidade mental que lle permite estar ó tanto de todo o que pasa no mundo e analízalo baixo a óptica dunha persoa asisada.

Recíbenos compracido na súa casa do Cruceiro unha tarde anubrada de verán. Naquel salón, onde unha reprodución do Guernica de Picasso colga da parede, comezamos a conversar co señor Urbano, evocando tempos de cando era novo, dos que lembra moitas anécdotas e episodios, como por exemplo unha tronada moi forte que lles levou as metocas de palla que tiñan e que arrasou e retorceu un castiñeiro na casa de súa nai no lugar do Ramallás. Tamén recorda un temporal forte coma un tifón que viña de Dena e atravesou polo Castrove causando moitos danos por alí por onde pasou.

Dinos, con certa saudade, que todo o que sabe aprendeuno na Escola Obreira de Pontevedra á que asistía despois de saír de traballar, pois a súa nai non quería que os fillos fosen analfabetos; intuía que estando preparados en contas e en escritura terían un porvir mellor. Antes, ós seis anos, fora á escola da Piolla, onde aprendeu a ler e a escribir, logo foi a un mestre que poñía escola na do Laracho en Pidre (S. Vicente). Con esta bagaxe cultural e co seu natural enxeño foi, e aínda é, quen de desenvolverse honrada e dignamente nesta vida

O traballo daquela era moito máis duro ca agora, pois as xornadas eran de máis de oito horas e tamén se traballaba os sábados todo o día. Non había Seguridade Social, aínda que si unha especie de seguro para a xubilación, logo formouse o Montepío.



Na súa mocidade, as diversións máis habituais consistían en ir ós bailes e ás festas. O señor Urbano cóntanos que frecuentaba o baile do Pino, o de Salcedo, o de Campañó... En Lerez había o baile do Birote, o de Cons na Cendona e en Casal Novo tamén puxo baile o Simón, onde se bailaba ó ritmo do acordeón que o propio Simón tocaba. Normalmente saían a divertirse en grupo; el ía co Costado (o da zapatería do Burgo), o Peilán e outros. Recorda con especial aquel a festa do patrón (San Salvador) que por aqueles anos era moi boa e concorrida, pero a do día seguinte, o octavario, aínda era mellor, porque nese día non había convidados e podían ir todos ó adro a bailar e pasalo ben. O señor Urbano divertiuse moito na súa mocidade e lembra, non sen certa picardía, cando ía traballar na Escola Naval de Marín o ben que o pasaba moceando na zona de Loira, o Campo, etc. Á festa dos Milagres ían de véspera andando en bandadas; cansados do camiño e da troula, deitábanse nunhas herbas entre as xestas para botar unha soneca e descansar algo o corpo. Cando espertaban pola mañá, lavábanse e despois ían almorzar chocolate con churros á barraca do defunto de Galiano, o que tiña a perna de pau.

Non deixa de lembrar os noxentos tem-


pos da guerra civil: el pertencía á Mariña e estivo mobilizado en Ferrol. De alí foi destinado para Pamplona e indo para alá perderon o tren en Venta de Baños; entón tiveron que viaxar malamente nos vagóns do gando. Fixeron fortificacións a sete quilómetros da cidade de Pamplona, xunto ó penal de San Cristóbal; o cemento, a area e os outros materiais levábanos en mulo. A comida era moi mala e repetida: macarróns con ósos e pouco máis. Menos mal que tiñan un capitán que todos os días ía á cantina para darlles un bocadillo e viño. Para o señor Urbano foi unha sorpresa comprobar que nesta zona houbera familias enteiras de carlistas que se presentaban voluntarias para ir á guerra.

El foi albanel de profesión, aínda que a súa idea sempre fose ser mecánico, pero a necesidade impúxose, xa que de albanel gañaba dúas pesetas, mentres que de mecánico o salario era de seis reais. Non sentiu unha grave frustración por iso, pero desde hai moito tempo defende que os fillos deben estudar e traballar no que lles leve a idea.

O tema central da charla que mantivemos co señor Urbano foi o da Sociedade Juventud Lerezana, da que el foi un dos socios fundadores e incluso tivo responsabilidades na xunta directiva. Antes de construír o local estiveron dando os bailes na da Ruana e cando esta manifestou que precisaba a casa, Sebastián Dios e outros, por acordo da directiva, compraron os terreos para construír un edificio social propio, pero como non había posibles, os socios que tiñan máis cartos puxeron diñeiro (eran os chamados "capitalistas") para realizar a obra e outros poñían o traballo. Dos primeiros lembra a José Corbal, do que era moi amigo. Tamén houbo quen aportou materiais, coma o finado do Carranco que deu uns eucaliptos que tiña no

Gramal para a armazón do tellado e carretáronos polas tardes despois de saír do traballo.

Na Juventud Lerezana, ademais de bailes, facíanse outras actividades. Había un grupo de teatro dirixido por Ricardiño o de Portas. A xuventude era máis alegre que agora e esperaba que houbera o baile para estar con xente doutras parroquias, sempre con moita harmonía. Tamén tiveron unha tuna na que, entre outros, estaban Juan Loureiro, José Corbal (guitarrista), Sebastián Dios... O desexo máis grande do señor Urbano sería ver recuperado o local social de Juventud Lerezana, polo sacrificio e a ilusión que tiñan aqueles mozos ó facelo, xa que estaban facendo unha cousa como se fora feita para eles, tendo máis mérito porque era para todos.



Moitas máis cousas falamos co señor Urbano, hábil conversador e home que nunca dubidou en colaborar coas persoas afanadas na recuperación do local. Sempre fiel ás súas conviccións e do que non esqueceremos nunca unha frase que nos dixo hai algúns anos: "a miña chaqueta é de moi bo pano e por iso segue sendo a mesma, non a cambiei". Persoas como Urbano Ogando son imprescindibles

para conservar a memoria histórica da nosa parroquia.

NOTA: Meses despois de realizar a entrevista xa se conseguiu a devolución do local de Juventud Lerezana ós seus lexítimos propietarios, e estamos certos de que cada unha das 67 bombas que celebraron este feito foron unha inxección de vida na delicada saúde do señor Urbano.